


Aula 5 anos. Propostas para esta semana:

- Ver nun **calendario** o día da semana no que estamos, o número e o mes e debuxar nesa casilla o tempo que fai. Si tedes un termómetro de exterior podedes tamén apuntar a mesma hora todos os días a temperatura. Si xa o faciades no mes de abril, esta semana toca contabilizar cantos días de sol houbo, cantos nubrados, etc. Ademais podedes ver os números da temperatura e ver si vai aumentando ou baixando co paso dos días e o cambio de mes.

- **Emocións:** vamos a incorporar outra cousa á rutina de falar sobre como nos sentimos. Antes de falar e para darlles tempo aos nenos e nenas de centrarse no que sinten, podemos propoñerlles facer a cariña con plastilina e despois comentámola. O ideal é que participe toda a familia, para que vexan que expresarse e falar as cousas é o normal. Aquí vos deixo un exemplo, pero non vos fai falta nin a silueta da cabeza, nin os ollos, todo se pode facer coa plastilina.



- **Xogo de olfato:** buscade pola cociña distintos alimentos ou herbas aromáticas e cos ollos pechados (ou tapados con un pano) e axuda de mamá ou papá que chos acercará para ulir, deberás adiviñar de que alimento se trata. Si lles resulta moi fácil vendo o alimento previamente, repetide escollendo cousas que os nenos e nenas non vexan.

- **Xogo da pita cega:** inventade un recorrido a facer, por exemplo, da cociña ata o baño. Tapade os ollos cun pano ou algo similar e dade unhas voltas antes de empezar. Teredes que seguir as indicacións para chegar á meta. Para iso alguén da familia vos guiará só coa voz, por exemplo: tres pasos adiante, xira á dereita, xira á esquerda. Non se vale ir tocando coas mans, os brazos deberán estar cara abaixo. Empezáramos a traballar a dereita-esquerda, pero a algúns aínda lles custa.

- **Xogo de música é coordinación:** trátase dun xogo moi divertido que favorece a atención e a coordinación. Deixo aquí o enlace para que vexades como se fai. Non é necesario ter os folios por duplicado, xa que como se fai por quendas, podedes compartilos si a mesa non é demasiado ancha e as dúas persoas están cómodas para xogar. <https://www.youtube.com/watch?v=um0aM4rhcg>

- **Natureza:** garda un vaso de iogur, faille uns furados no fondo e ponlle un algodón. Busca una semente na cociña (faba ou lentella por exemplo). Pon a semente no algodón e o vaso de iogur nun prato pequeno e colócao nunha venta ou lugar que lle de o sol. Bota un pouco de auga no algodón e encárgate de mantelo húmido todos os días, verás como pronto sae a planta e empeza a crecer. Cando xa estea mais alta ca o vaso podes pasalo a unha maceta ou bote mais grande con terra para que as raíces poidan crecer.

- **Manualidades:**

* Pintar con pompas. Prepara varios botes ou vasiños con un pouco de auga e xabón e logo engade unhas gotas de pintura de cores distintas e remexe para que a auga colla cor. Prepara un folio ou varios xuntos para ter mais espazo e xa podes empezar. Colle a parte de soprar dun pompero e molla na cor que queira e deixa caer a pompa no papel.

*Sombras: seguimos xogando con sombras, esta vez debuxamos a sombra de xoguetes ou obxectos cotiás. Aquí vos deixo un exemplo para que vexades que pode quedar moi chulo. Tedes que fixarvos por onde entra a luz na casa para que se reflexe ben a sombra, si tedes xardín tamén podedes saír e facelo fora.



- **Lóxica-matemática:**

*Fabricade unha balanza caseira cunha percha e un par de botes, tapas grandes ou vasos de plástico. É moi sinxelo. Despois collede distintos obxectos e ofrecédellos aos nenos na man, dous de cada vez, un en cada man para que fagan hipóteses sobre cal pesa mais. Logo facedes a comprobación na balanza.



* Nun papel que un adulto vos escribas os números desordenados do 1 ao 10 cara abaixo, deixando oco aos lados e vos deberedes colocar a cada lado o número anterior e posterior. Si lles resulta moi sinxelo repete con números máis grandes. Podedes facer unha táboa como a seguinte:

7	8	9
2	3	4
4	5	6
1	2	3
8	9	10

- **Experimento:** recordade que tedes un pdf que colguei a semana anterior con moitas propostas sensoriais e experimentos para elixir.

- **Linguaxe:** unhas adiviñas para pensar un pouquiño.

* Adiviña adiviñanza, que animal leva os pés na cabeza. (O piollo)

* Adiviña, adiviñanza, canto máis hai menos se ve. (A escuridade)

* Anda e non ten pés; come, e non ten boca, e toda a comida lle parece pouca. (O muíño)

* Úsase para comer e non é prato nin culler. (A boca)

* ¿Que cousiña será para adiviñar que ten orellas coma o gato, pes coma o gato, rabo coma o gato, ollos coma o gato e gato non é?. (A gata)

* Ten lombo e non anda, ten follas e non é planta, sabe moito e non fala. (O libro)

- **Arte:** si visitaches o enlace ao museo de Van Gogh, seguro te fixaches en que tiña moitos cadros con flores. Como agora podedes sair a pasear e ademais Maio é o mes das flores, propóñovos coller algunhas flores que vos gusten durante o paseo, poñelas nun vasiño ou xarrón e tentar debuxalas como facía el. Ademais de pintalas explorádeas ben, cantas cores teñen, como ulen, a textura que teñen as súas follas e pétalos, as partes da flor.

Aquí vos deixo un conto moi chulo sobre o pintor:

https://www.youtube.com/watch?time_continue=423&v=KLIRhgkGgJQ&feature=emb_title

- **Tecnoloxía:** durante esta semana sacádelle foto a todas as flores distintas que vos atopedes durante os paseos, si te fixas ben seguro te das contas de que hai moitísimas diferentes. Cando remate a semana repasa as fotos e fai unha ficha na que recollas: cantas flores distintas atopaches, como se chaman si o sabes, de que cor é e qué tamaño ten.

- **Autonomía:** axudade a familia nas tarefas da casa limpando o po dos mobles, é super fácil.

- **Relixión:** vou colgar un documento con contos e actividades que nos pasou Marisé. Non fai falta imprimir as fichas, lede os contos en familia e falade sobre eles. Hai un montón, son para todo o mes.

- **Inglés:**

* Xogo dar cores: alguén da familia di unha cor en inglés e vos tedes que buscar e tocar algo desa cor, a ver si acertades. No pdf do 20 ao 25 de abril tedes varios enlaces para repasar si precisades.

* A familia----I love you... <https://youtu.be/BcA6muHkGXc>

<https://youtu.be/Te2M7oYFQgA>

* Emocións---- <https://youtu.be/l4WNRvVjiTw>

Estás contento-a, triste, enfadado-a, durmido-a ou asustado-a? Canta e fai con eles!

* Para bailar máis----Baby shark... and the family! <https://youtu.be/XqZsoesa55w>

Jungle boogie dance... <https://youtu.be/VIDcRSutPsE>

- **"Monstruo Rosa":**

* Conto <https://www.youtube.com/watch?v=AljPBaB5l4A>

* Obra de teatro con luz negra <https://www.youtube.com/watch?v=vNePaioHekc>

- **Cancións para bailar:**

* Rock de las emociones: <https://www.youtube.com/watch?v=hX60blksDsU>

* Toca tu cabeza: <https://www.youtube.com/watch?v=FgJ08ugzbdC>

* Todo o día na casina:

<https://botons.eu/2020/04/29/todo-o-dia-na-casina/?fbclid=IwAR2QyVdKXVdqSzZnqMy0DBgP00m2h7KEp5TOKYIBYnbf1tD9ftHqwsfjkr4>

* Miña nai: adicada as vosas nais que tanto vos cuidan e miman.

https://www.youtube.com/watch?v=QK7huZFJ_ko&fbclid=IwAR3m5FCsYBdH5yiXA2AiDoi_sOU4AonX1S5ml-EVA6hsw-RZ26-ZK68vSRA

Feliz semana familias.